



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar

Aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar

O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2022, aprobou inicialmente a modificación da ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

Ábrese un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días hábiles, a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobada a modificación da ordenanza, que se publicará integramente no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Poden consultar o texto íntegro da modificación na sede electrónica municipal <https://sede.cambre.es/>, dentro do apartado denominado "Taboleiro de anuncios, no taboleiro de anuncios municipal sito na casa do concello (Rúa Adro, 1 – 15660 Cambre) e no Portal de Transparencia municipal.

Cambre, 30 de novembro de 2022

O alcalde

Óscar A. García Patiño

2022/7565

TEXTO DA MODIFICACIÓN APROBADA INICIALMENTE POLO PLENO MUNICIPAL NA SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE NOVEMBRO DE 2022

Modificación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar, consistente na modificación do artigo 6 e da Disposición Final Segunda durante o exercicio 2023, do seguinte teor literal:

“Disposición Final Segunda:

1. Durante os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023 a cantidade máxima a percibir en 12 meses pola unidade familiar beneficiaria, prevista no artigo 4.1, dende a data de resolución da concesión das axudas comprendidas nesta ordenanza, non poderá superar na súa totalidade os seguintes importes:

NÚMERO DE MEMBROS	IMPORTE MÁXIMO DAS AXUDAS
1 MEMBRO	ATA 2 VECES O IPREM
2 OU 3 MEMBROS	ATA 3 VECES O IPREM
4 MEMBROS OU MÁIS	ATA 4 VECES O IPREM

2. En canto ao número de vales máximos que se poderán entregar ao ano por unidade familiar que figuran con un máximo de 6 conforme o artigo 6.1, se aumentan a 12 durante os exercicios 2020, 2021 2022 e 2023.

3. Durante os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023, non serán aplicables os límites ás contías de axuda económica destinada ao aboamento dos recibos de luz eléctrica, gas, auga, recibo de enganche de luz por corte (impago) e recibo de conexión de gas por corte (impago), que impidan os cortes de subministracións básicas da vivenda habitual, así como para o aluguer desta que impida os procedementos de desafuzamento por impago, cando existan garantías de continuidade da vivenda, previstos no artigo 7 da ordenanza.

4. A efectos de simplificación da tramitación durante o estado de nova normalidade así como eventuais retrocesos do mesmo ata fase 0, a documentación será solicitada unha soa vez a efectos de concesión da contía e en sucesivas solicitudes so os documentos imprescindibles para verificar que non se modificou a situación do solicitante.”